

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: 1º, 2º, 3º (1º ciclo) e 4º(2º ciclo)

VALORES ÉTICOS

Todos os estándares avaliados teñen, de partida, a mesma importancia na avaliación final, é dicir, son completamente equivalentes. O grao mínimo de consecución para entender que un estándar de aprendizaxe foi acadado dáse cando o alumno chega ao 50% da avaliación máxima para ese estándar. A cualificación que obterá o alumno en cada unha das avaliacións parciais recollerá as dos distintos instrumentos de avaliación aplicados nos estándares de aprendizaxe tratados. A ponderación dos distintos instrumentos de avaliación son:

Traballos: individuais recollidos no caderno de clase e grupais expostos na clase 50%. O traballo individual contará ao menos un 25% da nota e o traballo grupal ao menos un 10 % , dependendo do grado de esforzo ou dificultade que requiran en cada avaliación.

Participación na clase 10%.

Probas escritas 40%.

Criterios de cualificación de traballos individuais (puntuación máxima 40% da nota da avaliación)

Son entregados nos prazos establecidos	10%	CSC
Correctos na presentación, claros e ordenados	10%	CAA
Comprende a totalidade dos temas tratados	50%	CCL
Argumenta, é creativo/a, ten ideas propias	30%	CCL-CSIEE

Criterios de cualificación de traballos grupais (puntuación máxima 25 % da nota da avaliación)

Son presentados nos prazos establecidos	10%	CSC
Correctos na exposición do traballo	30%	CCL-CAA
Aportación de ideas novas, creatividade	20%	CSIEE
Corrección na información, usa ben as TIC	20%	CD-CAA
Capacidade de traballo en equipo	20%	CSC

Criterios de cualificación da participación na clase (10% da nota da avaliación)

Cumprimento das indicacións da profesora	20%	CSC
Respecto do turno de palabra	20%	CSC
Coidado do material personal e da aula	20%	CSC
Manter un comportamento e unha postura correcta	20%	CSC
Traer o material de traballo	20%	CSC

A valoración das probas escritas é o 40% da nota da avaliación. A ponderación de cada estándar de aprendizaxe será indicado no exame correspondente.

A cualificación da avaliación final será a media das tres avaliacións parciais. Quedarán avaliados positivamente aqueles alumnos que teñan unha cualificación media igual ou superior ao 5,

sempre que en ningunha das avaliacións parciais a cualificación sexa inferior a 4. Previa a avaliación final os alumnos que o precisen poderanse presentar a unha proba de características semellantes ás das avaliacións parciais onde poderán recuperar todos aqueles estándares de aprendizaxe que lles quedasen pendentes ou na elaboración de todos os traballos non presentados e/ou suspensos.

O alumnado poderá realizar sempre tarefas de xeito voluntario para afianzar ou mellorar a súa nota.

A proba extraordinaria de setembro constará de preguntas que traten os temas desenvolvidos no curso, puntuados de 1 a 10, sendo o 5 a nota mínima para o aprobado.